



De acordo coa resolución do Concelleiro de Fomento de data 14 de xuño de 2013, procedese a anunciar a seguinte contratación a través do procedemento de contrato menor:

ANUNCIO

1. Entidade adxudicadora: Concello de Vigo.
2. Dependencia que tramita o expediente: Concellería de Fomento.
3. Nº expediente: 2482-440
4. Titulo do expediente: Obras de reparación de pasos de peóns no termo municipal de Vigo.
5. Obtención de documentación e información: Área de Fomento do Concello de Vigo. Pza. do Rei s/n 36202 Vigo, 2º andar, teléfono 986-810254, fax: 986-229448
6. Correo electrónico: doc.fomento@vigo.org
7. Dirección de internet do perfil do contratante: www.vigo.org.

8. Presentación de ofertas: A documentación poderá ser entregada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Casa do Concello de Vigo, Praza do Rei, s/n 36202 Vigo) en horario de 9 a 13,30 horas os días laborais e de 9 a 13 horas os sábados. O licitador terá dereito a obter, como acreditación da presentación, recibo no que constará o nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación. Non será admitida a documentación se é recibida no Rexistro Xeral deste Concello con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

As proposicións poderán ser presentadas tamén por correo. Só se admitirán as proposicións presentadas nas oficinas de Correos ata as 24 horas do último día do prazo establecido para a presentación de proposicións. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar ó Rexistro Xeral do Concello de Vigo a remisión da proposición mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos dez días seguintes á indicada data sen terse recibido a documentación enviada por correo, esta non será admitida en ningún caso.

9. Data límite de presentación: establece en 8 días naturais dende a publicación deste anuncio no perfil do contratante, na web municipal: www.vigo.org

10. Forma de presentación das ofertas:

O licitador deberá presentar en un único sobre pechado que poderá ser lacrado e precintado. No seu exterior constará como mínimo os seguintes datos:

- Deberá indicar “proposición económica”. Número de expediente e título do expediente o que conorra.
- Os datos seguintes do licitador: Nome, CIF ou NIF, enderezo postal, teléfono, fax, correo electrónico e no suposto de que o licitador estea inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, o seu número de inscrición.
- Lugar, data e sinatura do licitador ou do seu representante.

O sobre coa proposición económica deberá conter a seguinte documentación:

- Os empresarios individuais, copia do DNI.
- Os empresarios persoas xurídicas, a escritura de constitución da entidade ou calquera outro documento análogo que poda substituíla noutros casos, na que se reflicta o seu obxecto social no que debe de estar incluída a execución de obras como a proxectada.

- Copia do documento acreditativo da representación, cando a proposición on este asinada polo participante, e copia do DNI, do apoderado ou apoderados.
 - Declaración responsable formulada por quen asine a proposición na que se faga constar expresamente que o licitador non se atopa comprendido en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 60 do TRLCSP, e tanto coa Facenda do Estado, como da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo, e da Seguridade social impostas polas disposicións vixentes. (modelo anexo I)
 - No caso de estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de licitadores do Ministerio de Economía e Competitividade, dos anteriores documentos só terá que aportar os que non figuren nos referidos rexistros, xunto coa declaración responsable.
 - Oferta económica de acordo co modelo adxunto, anexo II.
11. Orzamento de licitación: 58.794,37 €
 12. Prazo de execución da obra: 2 mes
 13. Data prevista de inicio das obras: un mes a contar dende o inicio do procedemento.
 14. Garantías esixidas: Garantía definitiva o adxudicatario polo importe do 5% do importe do contrato, excluído o IVE.
 15. Prazo de garantía: 1 ano
 16. Tempo e forma de aboamento: certificacións mensuais.
 17. Criterios para a adxudicación: Para a elección do adxudicatario utilizarase un único criterio de selección que será o menor prezo respecto ao prezo de licitación, que incluírá o IVE, e que non poderá ser obxecto de modificación en ningún caso.
 18. Apertura de ofertas: Os sobre abriranse en sesión publica, nas oficinas da Concellería de Fomento no Concello de Vigo (2º andar), o segundo día hábil posterior o remate do prezo de presentación de ofertas.

Dita apertura realizarase diante da Comisión de avaliación da área de Fomento.

Serán rexeitadas automaticamente aquelas ofertas económicas que superen o prezo de licitación e as que unha vez calculada a media aritmética de todas as presentadas supoñan unha baixa superior o 10 % sobre o importe da mesma.



Vigo, 20 de xuño de 2014
O Xefe da Área de Servizos Xerais

Alvaro Crespo Casal

Anexo I:

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona, con D.N.I. con enderezo en

No caso de ser persoa xurídica:

En representación da empresa constituída (referencia escritura). Acreditando a súa representación a través do poder (referencia escritura)

DECLARA:

1. Que son certos os datos indicados e que a empresa á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixidos nos artigos 54 e 72 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
2. Que a empresa á que represento, non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 60 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e que, especialmente, atópase ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Estado, Comunidade autónoma e Concello de Vigo) e de seguridade social que impoñen as disposicións vixentes.
3. No caso de que a documentación persoal se presente mediante fotocopia simple declara que a mesma concorda cos seus orixinais.
4. Declara (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, se relacionarán as outras empresas do grupo que participan na presente licitación.
5. Que coñece as condicións administrativas, así como as características da memoria técnica que serven de base ó contrato e que os acepta incondicionalmente.
6. Que acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente. A estes efectos, sinala como dirección de correo electrónico a seguinte

Lugar, data, selo e sinatura

Anexo II:

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONOMICA:

D, con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de), informado da licitación para a contratación das obras de Nº expte:..... manifesta:

1.- Que acepta e coñece as condición técnicas da memoria valorada que define o obxecto deste contrato, así como as condicións administrativas que rexen a presente contratación.

2.- Que propón como prezo sen IVE do contrato o de euros, sendo a cota correspondente ó IVE a de euros o que supón un prezo total do contrato de euros.

Lugar, data e sinatura do licitador.